



A Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación e o Cineclub Lumière de Vigo organizan, en colaboración co Goethe-Institut, a Embaixada de Suíza en España e o Concello de Vigo, o ciclo *Silencio... Tradúcese!*, unha mostra sobre a representación da tradución e da interpretación no cine.

A da tradución e interpretación é unha profesión ben pouco visible, da que algúns directores —e, sobre todo, directoras— botaron man nalgunha ocasión para contaren as súas historias. Este ciclo quere ser unha pequena mostra de películas que fan un primeiro plano desta actividade silandeira, mais esencial, e que converten tradutoras e intérpretes en protagonistas.

O ciclo terá lugar os catro primeiros luns de outubro, ás 20.30 horas, no auditorio do Concello de Vigo, dentro do marco dos actos de conmemoración do Día Internacional da Tradución, que se celebra o día 30 de setembro. Forman parte deste ciclo un documental e tres películas de ficción, ningunha delas estreada oficialmente en España.

AUDITORIO MUNICIPAL DE VIGO
20.30 HORAS



Entradas:
Socias/os de AGPTI e licenciadas/os e estudantes de Tradución e Interpretación*: 2 €
Socias/os Cineclub Lumière: 4 €
Prezo normal: 5 €

*As/os socias/os de AGPTI deberán presentar o carné de asociada/o e as/os estudantes deberán presentar fotocopia do resgardo de matrícula.

LUNS, 1 DE OUTUBRO
DIE FRAU MIT DEN 5 ELEFANTEN

(«A muller dos cinco elefantes»,
Vadim Jendreyko,
Alemaña/Suíza, 2009, 97 min)

Fascinante retrato de Svetlana Geier, unha muller que, tras a invasión alemá de Rusia durante a Segunda Guerra Mundial, aprendeu alemán para sobrevivir e pouco despois empezou a traballar como tradutora e intérprete. Cando terminou a guerra, atopábase nun campo de concentración de Alemaña, e ficou nese país. Sesenta e cinco anos despois é unha tradutora literaria de gran sona que nos seus derradeiros anos se impuxo o reto de traducir ao alemán as cinco obras mestras de Dostoievski.

LUNS, 8 DE OUTUBRO
LA TRADUCTRICE

(«A tradutora»,
Elena Hazanov,
Suíza/Rusia, 2006, 90 min)

Ira é rusa. Ivan Tashkov, tamén. Ela ten 23 anos, vive en Xenebra coa súa nai e sabe moi pouco sobre a súa patria. Tashkov é un suposto capo da mafia rusa que está no cárcere á espera de ser xulgado. Como intérprete do avogado defensor de Tashkov, Ira, que está na procura das súas raíces e do seu propio camiño na vida, axiña cae baixo o feitizo deste home, poderoso, culto e manipulador.

LUNS, 15 DE OUTUBRO
JE L'AMAIS

(«Amábaa»,
Zabou Breitman,
Francia/Italia/Bélxica, 2009, 112 min)

Adaptación da novela homónima de Anna Gavalda, que narra a historia das confidencias feitas por Pierre á súa nora, Chloé: un segredo atorméntao desde hai vinte anos, o do seu amor por Mathilde, intérprete de profesión, a quen coñeceu en Hong Kong e por quen non se atreveu a deixalo todo, elixindo un destino máis seguro que o enfronta ás súas propias contradicións.

LUNS, 22 DE OUTUBRO
TEN SEITZ DER STILLE

(«Alén do silencio»,
Caroline Link,
Alemaña, 1996, 112 min)

Os pais de Lara son xordos, e a filla asume, xa desde moi cativa, o papel de intermediaria e intérprete entre eles e o mundo exterior. Lara descobre, da man da súa tía, o seu talento para a música e, xa de adolescente, dedica toda a súa enerxía a converterse en clarinetista. A súa paixón pola música distanciaa do seu pai, obsesionado por non perdela.